

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE MARZO DE 2024

Ás 10:30 horas do día 15 de marzo de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 12 de marzo de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D. Fernando González Abeijón, representante do PP

D. Xabier Pérez Igrexas, representante do BNG

D^a. Susana García Álvarez, xefa de Asesoramento, suplente da titular da Asesoría Xurídica

D^a. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral

D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos

D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos

D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 2a e 3a)

D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 7a)

D^a. María Paz Fernández Fernández, xefa do Servizo de Benestar Social suplente do xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 9a e 10a)

D^a. Ruth María Gallego Santos, técnica de xestión e suplente do xefe de Servicio de Vías e Obras e Infraestruturas (asiste aos puntos 9b e 10b)

D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste ao punto 11a)

D^a. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 11:48	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4C-CAB74H-22EHD5-WADWJ8-B8PQEX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto dos servizos de divulgación dos espazos musealizados da fortaleza de Vigo (11434-307)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún do licitador. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3. Apertura das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto dos servizos de divulgación dos espazos musealizados da fortaleza de Vigo (11434-307)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliável mediante xuízo de valor" do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

7. Dar conta da existencia de ofertas anormalmente baixas

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aqs) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación do 11 de marzo de 2024, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ELEC NOR SERVICIOS Y PROYECTOS S.A.U. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a mesma.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliar do Concello de Vigo (258007-301)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 11:48	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4C-CAB74H-22EHD5-WADWJ8-B8PQEX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
**CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

ÁREA DE GOBERNO DE
**SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 12 de marzo de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de "Renovación do Parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con Fondos Europeos Next-Generation EU" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (1756-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, a secretaria informa aos /ás membros da mesa que, segundo informe asinado polo polo xefe da Área de Inversións e o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos de data 14 de marzo de 2023 "(...) En relación a continuidade da fase de licitación a realizar no marco das actuacións da Mesa de contratación, non procede requirir as obrigas respecto a Orden HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa o análise sistemático do risco de conflito de interese, o quedar dito expediente fora da financiación do PRTR."

A continuación entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 4 de marzo de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo (258007-301)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo (258007-301) na seguinte orde descendente:

ORDE	LICITADORES	TOTAL PUNTUACIÓNS
------	-------------	-------------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 11:48	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4C-CAB74H-22EHD5-WADWJ8-B8PQEX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1º	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U.	100 PUNTOS
2º	CLECE, S.A.	65,79 PUNTOS

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscripción dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de "Renovación do Parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con Fondos Europeos Next-Generation EU" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (1756-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de "Renovación do Parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con Fondos Europeos Next-Generation EU" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (1756-441) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	TOTAL PUNTUACIÓNS
1º	OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.	82,59

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 11:48	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4C-CAB74H-22EHD5-WADWJ8-B8PQEX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de mobiliario urbano (50396-446)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que o acordo de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificado a BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) e PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 e 3) a 2 de febreiro de 2024, que presentan a documentación dentro do prazo concedido.

Comprobado que os licitadores están inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e revisada a documentación presentada, a Mesa acorda por unanimidade dos/as membros presentes, conceder un prazo de 3 días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada:

- BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1). En concreto deberá presentar:
 - Acreditación da solvencia técnica e profesional, xa que a licitadora presenta unha declaración de traballos realizados e certificacións de obras e actas de recepción nas que, nunhas, non se reflicte importe algún e, noutras, non se pode dilucidar o importe efectivamente realizado.

Segundo a cláusula 8.5.3º do PCAP os subministros efectuados "(...) acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación."

En vista ao anterior e tendo en conta a documentación presentada, a licitadora podería presentar, ou ben certificados de boa execución das administracións públicas para as que realizou os subministros, ou ben, facturas das entidades privadas que figuran na relación de traballos realizados que presentan na declaración.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 11:48	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4C-CAB74H-22EHD5-WADWJ8-B8PQEX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A licitadora presenta certificacións de obras e actas de recepción nas que, nunhas, non se reflicte importe algún e, noutras, non se pode dilucidar o importe efectivamente realizado.

- PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 y 3). En concreto deberá presentar:
 - Escritura de poderamento do seu representante xa que no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público figura como administrador único outra sociedade sen indicación da persoa representante con poder para contratar.

b) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. en 4 de marzo de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, dos medios persoais e materiais e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 11:48	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4C-CAB74H-22EHD5-WADWJ8-B8PQEX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a "Xestión e dinamización da Casa das Mulleres".

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 13 de decembro de 2023.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 22 de novembro de 2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 78.139,60 € que inclúe un IVE (21%) de 13.561,42 €, para a contratación da "Xestión e dinamización da Casa das Mulleres", que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria "Dinamización Casa das Mulleres" 2311 2279910 e bolsa de vinculación xurídica dos orzamentos futuros do Servizo de Igualdade que se aproben para os exercicios 2024, 2025 e 2026, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 35.518 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2024, 39.069,80 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2025, e 3.551,80 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2026.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 16 de febreiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	98,75

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.""

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 11:48	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4C-CAB74H-22EHD5-WADWJ8-B8PQEX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o día 4 de marzo de 2023, que presenta a documentación requirida o 10 de marzo de 2023, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora, os estatutos, nos que figura o nomeamento de representante e os seus poderes, xunto co CIF da licitadora e o DNI do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (27.348,86 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (27.348,86 €), presentan certificado de boa execución no que o importe do ano 2022 supera esta cantidade.
- Xustificante do ingreso en conta por un importe de 3.999,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 15 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración das



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 11:48	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4C-CAB74H-22EHD5-WADWJ8-B8PQEX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor, de data 11 de febreiro de 2024, e o acordo da Mesa de contratación de data 16 de febreiro de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliável a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 72.600,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.600,00 euros.*
- b) *Incrementa a experiencia laboral dos medios persoais para adscribir ao servizo a maiores no mínimo esixido no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP (6 meses) en 30 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 11:48	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4C-CAB74H-22EHD5-WADWJ8-B8PQEX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		